

**Praza número:** 20/13005

**Número de prazas:** 1

**Categoría:** Contratado/a Doutor/a

**Dedicación:** Tempo completo

**Área de coñecemento:** Socioloxía

**Departamento:** Socioloxía e Ciencias da Comunicación

**Docencia:** 615G01418 Socioloxía da Cultura e Proxectos Socioculturais

**Centro:** Facultade de Socioloxía

Unha vez que se viu a proposta formulada pola Comisión encargada de xulgar o concurso para a provisión da praza enriba indicada.

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), e en aplicación do disposto no apartado 10 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de profesorado contratado doutor, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 30 de abril de 2014, resolve asignar a referida praza ao/á concursante **D./D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ ANDRADE SUÁREZ**.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, na data da sinatura electrónica

O reitor,

Julio Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	7DK3c8 /u0JRCmQDpyk2gJQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	08/04/2021 13:12:09
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/7DK3c8/u0JRCmQDpyk2gJQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/7DK3c8/u0JRCmQDpyk2gJQ==</a>		

